

DIRECTRICES PARA A ELABORACIÓN DE PROPOSTAS DE TÍTULOS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, QUE SUBSTITUEN AS APROBADAS EN SESION DO CONSELLO DE GOBERNO DO 23/11/2007

1. PREÁMBULO

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades configura unha nova estrutura das ensinanzas e dos títulos universitarios españois de conformidade cos obxectivos establecidos para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, determina o marco normativo para a ordenación, a verificación e a acreditación das ensinanzas universitarias oficiais.

O Consello Galego de Universidades (CGU) no seu documento *Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia*, do 5 de novembro de 2007, establece as recomendacións para o deseño da nova oferta de estudos universitarios oficiais no Sistema Universitario Galego (SUG) ao tempo que fixa as características do proceso de transición cara o novo modelo perfilado no Real decreto.

Neste contexto de cambio, o Consello de Goberno da UDC, na súa sesión do 23 de novembro de 2007, aprobou as Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na Universidade da Coruña, coa finalidade de orientar, no marco das súas competencias, a transformación das actuais titulacións de 1.º e de 2.º ciclo en títulos de grao, articulada en dúas fases, unha experimental – actualmente moi avanzada coa presentación para a súa verificación de títulos de grao únicos no SUG- e unha segunda en que se procederá á transformación das restantes titulacións.

A demanda, por parte dos centros da UDC, de maior concreción canto aos diferentes aspectos involucrados na elaboración, aprobación e implantación dos novos títulos, a análise comparativa da información dispoñible sobre os procedementos iniciados noutras universidades e a experiencia extraída da fase experimental, aconsellan agora completar as directrices existentes, e proceder a aprobación dunhas directrices que substitúan as iniciais do 2007, modificando na súa materialización determinados aspectos e promovendo

novas orientacións co obxecto de clarexar algunhas incertezas e intensificar os mecanismos de coordinación entre os centros no proceso de transformación dos títulos.

Non obstante, as novas Directrices manteñense baseadas nas mesmas tres ideas fundamentais:

1. Transformación de todos os títulos existentes de 1.º e 2.º ciclo en graos, de xeito que a UDC poida configurar unha oferta acorde co seu perfil e coherente co nivel de posgrao.
2. Colaboración no marco do SUG para consensuar posibles solucións para as titulacións que presenten dificultades para a súa transformación, sempre desde o respecto prioritario dos intereses lexítimos da UDC.
3. Definición entre o ano 2008 e 2009 do tipo de titulacións, novas na UDC e no SUG, que sería razoable integrar cando for posible para completar o perfil da nosa universidade.

2. PRINCIPIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PROGRAMAS FORMATIVOS

Consonte co previsto na lexislación vixente mencionada no anterior apartado e coas liñas de acción desenvoltas na UDC de cara á transformación das súas titulacións no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, os novos programas formativos para os títulos de grao terán en conta os seguintes principios xerais:

- A planificación dos estudos tomará como referencia o sistema de créditos europeo (ECTS).
- O deseño do proceso de ensino-aprendizaxe orientarase cara á adquisición de competencias que posibiliten a formación permanente ao longo da vida e proxecten unha mellor profesionalización dos titulados.
- As metodoloxías de ensino-aprendizaxe e os procedementos de avaliación terán en conta as características do sistema ECTS, na procura dun ensino centrado na aprendizaxe dos estudantes.
- A estrutura académica e organizativa atenderá a criterios de flexibilidade e interdisciplinidade, co obxecto de garantir, desde a racionalidade académica, a mobilidade dos estudantes entre as titulacións da UDC, e entre as da nosa universidade e outras universidades españolas e europeas.
- A planificación e a implantación dos programas formativos farase de maneira funcional e realista, aproveitando as sinerxías e oportunidades que ofrecen os recursos humanos e materiais existentes.
- O establecemento dun sistema de garantía de calidade para a súa implantación e posterior acreditación.

- O desenvolvemento de programas de acción tutorial para informar e orientar os estudantes.
- A proxección dos estudos no ámbito sociolaboral promovendo o desenvolvemento de prácticas pre-profesionais que faciliten a inserción laboral dos egresados.
- A promoción dunha formación presidida polos valores cívicos aos que se fai referencia no artigo 13.5 do RD 1393/2007, así como a obtención das competencias básicas recollidas no anexo I (apdo. 3.2) do RD 1393/2007.

A transformación das actuais titulacións no marco do EEES, coa introdución do grao e do posgrao (mestrado e doutor), supón un cambio de modelo, que deberá aproveitarse para deseñar programas formativos de calidade que permitan acadar unha posición relevante no ámbito estatal e internacional. Neste sentido, a procura de referentes estatais ou internacionais de prestixio á hora de elaborar os planos de estudos constituirá un aval considerable ao permitir valorar a adecuación da proposta contrastándoa a criterios externos.

Igualmente, para modular a capacidade profesionalizadora e a potencialidade de inserción no ámbito sociolaboral dos novos planos de estudo, será moi estimable a consideración de criterios emanados do campo profesional de referencia para a titulación.

3. ESTRUCTURA XERAL DOS PLANOS DE ESTUDO DE GRAO

As seguintes indicacións e recomendacións establécense para as titulacións de grao, exceptuadas, no que corresponda, aquelas que teñan directivas comunitarias propias e, segundo o previsto no artigo 12.9 do RD 1393/2007, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas no contexto español.

3.1. Asignación de créditos:

1. As ensinanzas de grao organizaranse en planos de estudos que terán 240 créditos ECTS, e que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante debe adquirir. En función dos créditos optativos que deba cursar o estudante, a oferta máxima dos planos de estudo non superará os 276 créditos.
2. Os planos de estudo de grao estruturaranse en créditos europeos (ECTS), definidos de acordo co establecido no RD 1125/2003. Na UDC un crédito europeo correspóndese con 25 horas de traballo do estudante

encamiñado a cumprir os obxectivos do programa de estudos e considerando que 10 horas, como máximo, fan referencia a actividade presencial. Enténdese por “horas presenciais” aquelas que figuran no calendario escolar e nas que a actividade se realiza nas aulas, seminarios e laboratorios, así como as horas de titoría programadas, as dedicadas a exames e á presentación/discusión de traballos. Os tipos de actividades formativas coordinaranse co encargo docente do PDI.

3. Nos planos de estudos establecerase o carácter dos créditos, especificando se se trata de créditos correspondentes a:
 - a. materias de formación básica
 - b. materias obrigatorias
 - c. materias optativas
 - d. créditos por actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007;
 - e. prácticas externas
 - f. traballo de fin de grao.
4. A anterior distribución de créditos aterase aos requisitos que recolle o RD 1393/2007, nas *Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia* e no presente documento.
5. Todas as propostas de planos de estudos asumirán que un estudante realice os estudos de Grao en cursos académicos de 40 semanas e 1500 horas. Este tempo inclúe as ensinanzas teóricas e prácticas, a realización de seminarios, os traballos, as actividades prácticas ou os proxectos, as horas de estudo así como as horas adicadas á preparación ou realización das probas de avaliación. Teráse en conta, igualmente, a posibilidade de cursar estudos a tempo parcial.

3. 2. Organización das ensinanzas de grao:

1. A estrutura das ensinanzas de Grao será preferentemente cuadrimestral. O plano de estudos garantirá unha distribución equilibrada dos créditos entre os dous cuadrimestres.
2. Como normal xeral, no deseño dos planos de estudos de titulacións adscritas a unha mesma rama de coñecemento e de ser o caso, de conxuntos de titulacións afíns, promoverase unha estrutura en árbore, cun amplo tronco común na primeira metade do plano de estudos e unha progresiva diversificación axustada ás competencias específicas de cada título de grao.

3. Con carácter xeral e atendendo ao establecido nas indicacións do CGU, as titulacións de grao non recollerán especialidades, orientacións, ou itinerarios académicos, agás no caso de titulacións de grao que resulten da transformación de varios títulos previamente existentes, e isto sempre que o número de alumnos nos títulos actuais xustifique os diferentes itinerarios no título de grao. Nestes casos a parte curricular diferenciada de cada itinerario académico estará constituída por unha oferta de entre 60 e 120 créditos.

4. As ensinanzas de grado poderán estruturarse en módulos, materias e disciplinas.

4.1. Os módulos defínense como unidades de aprendizaxe con obxectivos comúns, criterios de avaliación coherentes e que agrupan materias ou disciplinas que se consideran relacionadas cara á consecución de determinadas competencias e unidas na súa oferta e seguimento por parte do estudante.

Aos módulos asignaráselles un mínimo de 12 créditos.

4.2. As materias correspóndense con saberes científicos e poderán dividirse en disciplinas, podendo establecerse materias cunha única disciplina. Dentro da estrutura das disciplinas que se estableza deberán distinguirse, cando menos, as ensinanzas teóricas, as ensinanzas prácticas, os seminarios e outras actividades, o traballo persoal do estudante e a avaliación.

Con carácter xeral as disciplinas serán de 6 créditos e cuadrimestrais. Excepcionalmente, e por razóns xustificadas, poderán incorporarse aos planos de estudo disciplinas de carácter anual, de 9 créditos, e disciplinas optativas, de 4,5 créditos, que serán cuadrimestrais.

5. Materias de formación básica: o RD 1393/2007 establece que os planos de estudo deberán conter un mínimo de 60 créditos de formación básica distribuídos da seguinte forma:

a) materias vinculadas á rama de coñecemento: os planos de estudos dos títulos de grao deberán conter, polo menos, 36 créditos vinculados a algunhas das materias que figuran no anexo II do RD para a rama de coñecemento a que se pretenda adscribir o título. Estas materias deberán concretarse en disciplinas de 6 créditos, como mínimo, e ofertaranse na primeira metade do plano de estudos.

O documento de *Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia* establece que, como norma xeral, os 36 créditos vinculados deben repartirse nun mínimo de catro materias básicas da rama de coñecemento.

- b) Outros créditos de formación básica. Os créditos restantes, até 60 créditos, no seu caso, deberán estar configurados por materias básicas da mesma ou doutras ramas de coñecemento das incluídas no anexo II do RD, ou por outras materias sempre que se xustifique o seu carácter básico para a formación inicial do estudante ou o seu carácter transversal.

Co obxectivo de facilitar a mobilidade efectiva e a transferencia e recoñecemento de créditos, a UDC promoverá a adopción de acordos entre as titulacións adscritas a unha mesma rama de coñecemento e, de ser o caso, entre conxuntos de titulacións afíns, para deseñar unha formación básica co maior grao de coincidencia posible.

A denominación da materia básica aterase ao que establece o Real decreto.

6. Materias ou disciplinas obrigatorias: aquelas que a Universidade inclúe no plano de estudos para que sexan cursadas e superadas por todos os estudantes matriculados na titulación.
7. Materias ou disciplinas optativas: aquelas que se inclúen e ofertan nun plano de estudos para que os estudantes poidan escoller entre a oferta que deseñe o título de grao correspondente. Ofertaranse na segunda metade do plano de estudos.

Os planos de estudo dos títulos de grao poderán incluír materias ou disciplinas optativas tendo en conta as indicacións do CGU:

- o número máximo de créditos optativos que pode ter que cursar un estudante para a obtención do título é de 36.
- o máximo de créditos optativos que pode ofertar un plano de estudos é de 72. A *ratio* de oferta será de entre 2 e 3 créditos ofertados por cada crédito optativo que deba cursar o estudante, sempre que a oferta de optativas non supere os 72 créditos e que o número total de créditos da titulación non supere os 276 créditos.

O POD establecerá a oferta de materias ou disciplinas optativas para cada curso académico, en función da tendencia demostrada de matrícula de cada unha delas. En todo caso e, en relación coa capacidade docente,

poderá establecerse un límite máximo de estudantes que poderán cursar a materia ou disciplina optativa.

8. Prácticas externas: os planos de estudo de títulos de grao poderán programar prácticas externas, que deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plano de estudos e cunha extensión máxima de 60 créditos. As ditas prácticas poderán ofertarse con carácter obrigatorio e será necesario facer constar na Memoria de verificación a súa planificación, con referencia expresa aos convenios e acordos con entidades ou empresas que as fagan posibles para todo o alumnado que se incorpore na oferta académica anual, deixando aberta a posibilidade de incorporar novos convenios no futuro. No caso de prácticas optativas esixirase igualmente unha memoria que xustifique a viabilidade das mesmas e asimesmo poderá existir un límite de prazas na oferta destas prácticas. A selección do alumnado basearase en criterios académicos públicos.
9. Traballo fin de grao: os planos de estudos de grao deberán incluír entre 6 e 30 créditos destinados a realizar un traballo fin de grao na fase final do plano de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. En cada plano de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.
10. Recoñecemento académico de créditos por participación en determinadas actividades: de acordo co art. 46.2.i) da Lei orgánica 6/2001, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, até un máximo de 6 créditos do total do plano de estudos.

3.3. Documentación e condicións xerais de carácter académico e organizativo

1. O Consello de Dirección da UDC velará para que, a través dos servizos, comisións e/ou órganos que corresponda e no concerne aos seus respectivos ámbitos de competencia, se elabore e poña a disposición das comisións redactoras dos planos de estudo de Grao a documentación esixida polo Anexo I do RD 1393/2007 en relación coa Memoria para a solicitude de verificación dos títulos oficiais.

2. A UDC, por acordo do Consello de Goberno, establecerá as normas de xestión académica (que incluírán modalidades de matrícula), os criterios de organización da docencia, o calendario académico dos estudos e as convocatorias de avaliación, as normas de permanencia e aqueles outros elementos precisos para unha adecuada adaptación ao novo marco de estudos de grao.
3. A Universidade da Coruña, de acordo coas outras universidades do SUG, disporá dunha comisión asesora externa por rama de coñecemento, proposta pola ACSUG, coa finalidade de orientar os centros, a Comisión de Planos de Estudo, o Consello de Dirección, o Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade en todos aqueles aspectos que poidan necesitar durante o proceso de elaboración e aprobación dos títulos. Esta comisión estará formada por especialistas da rama de coñecemento con formación suficiente nos procesos de verificación establecidos polo MEC e pola ANECA.

3.4 Acreditación de competencias e transferencia e recoñecemento de créditos

O Consello de Goberno da UDC, por proposta da Comisión de Plano de Estudos, aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos.

4. PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDOS DOS NOVOS TÍTULOS DE GRAO

Para desenvolver este proceso, de acordo co establecido en documentos anteriores da UDC e co necesario axuste dos prazos á situación actual no seo do SUG, propónse o seguinte procedemento secuenciado:

Propostas de título e denominación

1. Os decanatos e direccións dos centros remitiranlle á presidenta da Comisión de Plano de Estudos a proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao, indicando a denominación do título, de acordo coas directrices actuais do MEC e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A proposta deberá contar coa aprobación da Xunta de Centro.
2. A Comisión de Planos de Estudo estudará as propostas recibidas e emitirá o correspondente informe antes do 20 de maio. En caso de que o

informe fose desfavorable enviaríase de novo ao centro para a súa revisión.

3. O Consello de Goberno, por proposta do Consello de Dirección, baseándose no informe anterior aprobará a proposta de novos títulos de grao, cuxos planos de estudos terán que ser elaborados polos centros correspondentes. Caso de que dous centros propuxesen a conversión dos títulos vixentes nos mesmos títulos de grao, o Consello de Goberno nomeará, por proposta do Consello de Dirección, unha comisión redactora do título ou títulos afectados. Desta comisión formarán parte, cando menos, os directores ou os decanos dos centros afectados (ou as persoas en quen delegar).

A proposta global da UDC será presentada ao Consello de Goberno para a súa aprobación antes do 30 de maio de 2008.

Elaboración dos títulos de grao

4. Cada centro encargará a elaboración do plano de estudos a unha comisión redactora. Esta actuará por delegación da Xunta de Centro e nela garantirase que serán valoradas as achegas de todos os departamentos e áreas de coñecemento implicados na actualidade nos planos de estudo de 1.º e de 2.º ciclo.

A comisión estará composta cando menos polas seguintes persoas:

1. o/a decano/a ou director/a do centro, ou persoa en quen delegar
2. o/a secretario/a do centro que redactará as actas das reunións
3. un/unha representante por cada departamento adscrito ao centro e con docencia no título
4. un/unha representante dos departamentos con docencia no centro, mais non adscrito a el
5. dous representantes dos estudantes en Xunta de Centro
6. un/unha PAS

No caso de se modificar a composición da comisión nalgún dos sectores mencionados, a dita modificación será sometida a aprobación pola Xunta do Centro e ratificada pola comisión de Planos de Estudo.

Esta comisión elaborará o borrador de título co seu plano de estudos, para a súa aprobación pola Xunta de Centro antes do 30 de setembro de 2008. Este borrador redactarase considerando a documentación oficial existente e responderá axeitadamente aos criterios de verificación establecidos polo MEC e pola ANECA.

A Comisión Redactora, ou a que determine a Xunta de Centro, elaborará, xunto coa proposta do título, un informe sobre o custo da transformación. Este informe ten que recoller en paralelo os recursos dispoñibles e os considerados necesarios. Na medida en que os recursos do centro poidan estar comprometidos pola existencia de POP, a Comisión farao constar detallando o modo en que están asignados os recursos. No caso do grao, os recursos deberán estar obxectivamente xustificadas e relacionados coa proposta elaborada e referiranse tanto ás necesidades de persoal (PDI e PAS) como de asistencia técnica, infraestruturas, materiais, recursos bibliográficos etc. Este informe é básico para coñecer o custo total que a implantación do grao terá para a UDC e para planificar o financiamento da transformación.

Ademais das anteriores indicacións os centros terán en conta as seguintes consideracións:

- A carga docente presencial nos planos de estudo será compatible co que establecen os puntos 3.1. e 3.2. e co aproveitamento da RPT do PDI da Universidade. A Vicerreitoría de Profesorado establecerá as normas para a elaboración do POD, para a solicitude de prazas, para o cómputo da actividade docente (presencial e titorial) e para a cobertura de prazas potenciais axustadas a neste novo contexto.
En calquera caso, os centros poderán optar por vincular as materias ás áreas de coñecemento existentes, sinalando cales consideran áreas afíns para impartir esa materia, ou ben por estableceren un procedemento para asignaren profesorado ás materias propostas. Neste último caso, o procedemento aprobado pola Xunta de Centro debe remitirse á Vicerreitoría de Profesorado, que o deberá autorizar, co visto e prace da COAP, no prazo que se sinale.
- En relación coa formación básica por rama de coñecemento, a Comisión de Planos de Estudo da UDC velará polo cumprimento da función que teñen os 60 créditos de materias básicas fixados polo Real decreto, especialmente no relativo aos 36 créditos de materias vinculadas á rama de coñecemento. De acordo co previsto nas directrices anteriores, a Comisión de Planos de Estudo propondrá a creación dunha comisión por cada rama de coñecemento, para a coordinación das materias básicas, cuxa composición e procedemento de elección aprobará o Consello de Goberno da Universidade. Unha vez aprobadas as comisións por ramas figurarán como Anexo I a este documento.

- De existir un centro oficial e un centro adscrito que imparten o mesmo título será o centro oficial quen faga a proposta da Universidade. Na Comisión de Redacción deberá estar representada a dirección e o profesorado do centro adscrito (con polo menos dous/dúas profesores/as). No caso da titulación de Turismo, a Universidade nomeará unha comisión redactora mixta.
 - Os equipos directivos dos centros poderán ser chamados ao longo do proceso para manteren reunións conxuntas cos centros do SUG que impartan títulos semellantes se así o considerar necesario o Consello de Dirección.
5. O período habilitado para a difusión pública da proposta de plano de estudos e para audiencia pública é do 1 ao 20 de outubro de 2008. O centro publicaraos na súa web garantindo que os departamentos adscritos e non adscritos ao centro que estiveron implicados na docencia dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo reciben por escrito a documentación correspondente. A dirección do centro garantirá, así mesmo, que os colexios profesionais ou outros axentes sociais potencialmente implicados reciban a proposta e coñezan o procedemento e o prazo para achegaren contribucións ou suxestións.
 6. Unha vez finalizado o prazo de alegacións e logo de incorporar as que consideren oportunas, o título e o plano de estudos definitivos serán sometidos á aprobación da Xunta de Centro. A proposta, xunto coas alegacións recibidas, será remitida antes do 7 de novembro á Comisión de Planos de Estudo para a súa aprobación e tramitación polo Consello de Goberno. A Comisión de Planos de Estudo poderá solicitar do centro a realización das modificacións que considere axustadas á lei e á normativa vixente. O centro disporá dun prazo de 10 días para incorporar as ditas modificacións e remítalas de novo á Comisión de Planos de Estudo. De non estar de acordo, farao constar razoadamente para que o Consello de Goberno decida sobre o particular.

Aprobación dos títulos e planos de estudo

7. As propostas de planos de estudo dos títulos de grao serán aprobadas polo Consello de Goberno antes do 15 de decembro de 2008.

No Anexo II recóllese sinteticamente o procedemento establecido e os prazos para a súa execución.

5. IMPLANTACIÓN DOS NOVOS PLANOS DE ESTUDO DE GRAO E EXTINCIÓN DOS ACTUAIS

1. A proposta dunha titulación de grao deberá especificar o procedemento de implantación e o correspondente procedemento de extinción para os planos das actuais titulacións. Con carácter xeral, e sempre que sexa viable, promoverase a implantación simultánea, cando menos, de grupos de cursos en dous anos académicos, de acordo coas recomendacións do CGU. O procedemento previsto para a extinción dos actuais planos de estudos deberá ter en conta os dereitos recoñecidos aos estudantes polas disposicións adicional segunda e transitoria segunda do RD 1393/2007.
2. Para facilitaren o tránsito e a incorporación aos planos de estudos dos novos graos estableceranse táboas de recoñecemento dos estudos realizados nos actuais planos aos que resulten da súa transformación.
3. As actuais titulacións, como moi tarde, iniciarán a súa extinción no curso 2010-2011, consonte ao previsto na disposición adicional primeira do RD 1393/2007.

6. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE UNIVERSIDADES, CENTROS E TÍTULOS, ACREDITACIÓN, RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN E MODIFICACIÓN DOS PLANOS DE ESTUDO DE GRAO

1. Os planos de estudos de grao ateranse ao previsto no RD 1393/2007 e ás *Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia* respecto á inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, acreditación, renovación da acreditación e modificación destes.
2. Considerarase extinguido un plano de estudos de grao que non supere o proceso de acreditación, segundo o previsto no artigo 28.3 do RD 1393/2007.